



ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2025/6	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

29 de maio de 2025

Duración:

Desde las 19:30 hasta las 21:10

Lugar:

Sala de sesións da Casa Consistorial

Presidida por:

Marisol Morandeira Morandeira

Secretario:

Pablo Portela Fernández

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33559345E	Alexandre Losada Buide	SÍ
76578117P	Alfonso Losada Rodríguez	SÍ
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33314153X	Jose Manuel López Rodriguez	SÍ
32818707F	MONICA IGLESIAS PREGO	SÍ
33317846T	Maria Margarita Pereira López	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
76576129K	María Guadalupe Prado Tomé	SÍ
76576366M	Mónica Roca Ares	SÍ
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ





33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ
76584155C	Ramón Rivas Villares	SÍ
76577542P	SOFIA SANCHEZ MIRAGAYA	SÍ
33538075G	Ivan Morado Corral	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Resolución:

O pleno da corporación, por unanimidade dos seus asistentes, aprobou a acta da sesión plenaria de data de 27 de marzo de 2025.

Expediente 623/2025. Dación conta resolucións da alcaldía dende o N° 2025-0218 ao N° 2025-0421

Dase conta das resolucións da alcaldía dende o N° 2025-0218 ao N° 2025-0421.

Expediente 619/2023. Modificación nomeamento de representantes da corporación en órganos colexiados.

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Feitos e fundamentos de dereito:

PROPOSTA PLENO MODIFICACIÓN NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS COMPETENCIA DO PLENO. Expte. 619 /2023

Constituída a Corporación Municipal en data 17 de xuño de 2023, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 28 de maio de 2023, habendo resultado elixida alcaldesa-presidenta da Corporación na antedita sesión constitutiva.

Visto o acordo plenario de 10/07/2023 de nomeamento de representantes da corporación en órganos colexiados competencia do pleno.





Considerando o disposto no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

Vista a proposta de resolución PR/2025/430 de 15 de maio de 2025.

Resolución:

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE e coa abstención do PP e do BNG, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Modificar a designación dos representantes do concello nos seguintes organismos:

-IES Poeta Díaz Castro:

Titular: Dona Marisol Morandeira Morandeira

Suplente: Don Ramón Rivas Villares

- CEIP Guitiriz:

Titular: Don Iván Morado Corral

Suplente: Don Ramón Rivas Villares

SEGUNDO.- Publicar integramente o acordo no Taboleiro de Anuncios desta Entidade e notificarlo ós órganos respectivos.

Expediente 364/2025. Modificación do inventario municipal de camiños no lugar Pedracova- Parroquia de Santa Cruz.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 13, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Feitos e fundamentos de dereito:

Modificación do inventario municipal de camiños no lugar Pedracova- Parroquia de Santa Cruz. Expte. 364/2025

Visto o seguintes antecedentes que constan no expediente:

- Solicitud de Jose Lapido Campo para a comprobación da titularidade de terreos pertencentes a un camiño publico no lugar Pedracova-Santa Cruz con numero de rexistro de entrada 2025-E-RC-93 de data 14/01/2025.





- Fichas do Inventario de camiños municipal de Guitiriz aprobado en sesión plenaria do 28 /03/2019 coas seguintes características:

Codigo camiño	14_2098
Referencia catastral	27022A04209017
Lonxitude	91,01 mts.
Coordenadas ETRS 89 Huso 29 Inicio	X: 597321,50 Y: 4783046,53
Coordenadas ETRS 89 Huso 29 Final	X: 597243,72 Y: 4783000,62

- Informe do Técnico de medio ambiente do concello de Guitiriz nº 2025-0006 de data 9/04 /2025 no que se conclúe que:

<< 1.A cartografía proposta polo solicitante segundo o informe de validación gráfica fronte o parcelario catastral con CVS:5K9TVMYXE6C7ETFJ non afecta a bens de titularidade municipal, en concreto o camiño con nº: 14_2844.

2.Modificar a ficha do camiño no inventario municipal segundo o anexo que se achega.»

- Informe xurídico de data 19/05/2025.

- Informe do técnico de medio ambiente de data 21/05/2025 de corrección de erros do informe nº 2025-0006 de data 9/04/2025.

Considerando o establecido no artigo 17 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Vista a proposta de resolución PR/2025/461 de 21 de maio de 2025.

Resolución:

O pleno da corporación por unanimidade dos asistentes, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder a modificación do camiño co código 14-2098 e referencia catastral 27022A04209017 segundo se reflicte na ficha que se anexa co presente acordo.

Segundo.- Publicar o presente acordo no BOP de Lugo e Portal de Transparencia do Concello de Guitiriz.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a cantos interesados houbese no procedemento.

Documentos anexos:

- Anexo 1. Anexo_14_2098_modificado





Expediente 578/2025. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos 2/2025

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 6, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Feitos e fundamentos de dereito:

PROCEDEMENTO: RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS DE PLENO 2 /2025.

ASUNTO: PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN.

Consta nesta Alcaldía a existencia de facturas presentadas a través da plataforma de facturación electrónica FACE e no rexistro da sede electrónica por diversos acreedores municipais, que se relacionarán de seguido e que se atopan pendentes de pago:

Re xis tro	Data fact ura	Concepto	Terceiro	Partida orza men taria	Im por te
20 25- 92 7	01 /12/2 024	Divulgación ambiental. Charlas concienciación ambiental “Semana europea redución de residuos 2024”	Ambigal 360, S.L.	326.2279 9	435 ,60
20 25- 37 5	14 /10/2 024	Gestora de medios triangulo, s.l.	Decimo de pagina boletin jurídico	3382260 2	363 ,00
20 25- 92 6	30 /09/2 024	Recollida monmaterial en iglu papel e cartón, do 01/09/2024 ao 30/09/2024	Ambigal 360, S.L.	326.2279 9	660 ,00
20 25- 92 9	31 /10/2 024	Servizo de desbroces. Lote 1 ano 2024	Diego Garcia Besteiro	136.2100 0	32. 607 ,33

É vontade deste grupo de goberno de efectuar tódolos pagos pendentes aos acreedores municipais, e á vista das consecuencias negativas que poidan derivarse do incumprimento da normativa reguladora da morosidade nas administracións públicas, tanto para o Concello como especialmente para os provedores municipais.

Á vista dos seguintes antecedentes que obran no expediente que existe a conformidade das facturas de referencia e a Documentación xustificativa por parte dos provedores.





Considerando que a imputación ao exercicio corrente dos gastos aos que se refire este expediente, en principio non prexudica á atención das necesidades do exercicio corrente xa que se inclúe crédito adecuado e suficiente no orzamento do ano 2025, e tendo en conta a efectiva prestación dos servizos por parte dos emisores das facturas nos termos do establecido na Base 23 das de execución do vixente orzamento municipal.

Considerando que é necesario aprobar os importes que se derivan das facturas, tendo en conta “principio de non enriquecemento inxusto” sentado pola xurisprudencia, no sentido de que se o gasto foi efectivamente/materialmente realizado, nas condicións pactadas, e en consecuencia é esixible, as empresas que realizan a prestación ou prestan o servizo deben ser resarcidas, pese a que quede acreditado no expediente a omisión de trámites esenciais no procedemento.

En relación ao reparo de intervención sobre os contratos menores celebrados no que se manifesta o seguinte: *“Non consta tramitación de ningún expediente de contratación menor ao amparo do artigo 118 da LCSP. Polo que se prescinde dos tramites esenciais en materia de contratación, para o presente gasto.”*

Constan bases de execución do orzamento aprobadas ao efecto e fiscalizadas favorablemente pola intervención municipal, en cuxo Bloque decimo, do ANEXO PRIMEIRO denominado CONTRATOS DE SERVICIOS QUE NON SE ADXUDICUEN NO MARCO DUS SISTEMA DE RACIONALIZACIÓN TÉCNICA DA CONTRATACIÓN, relativo ao sistema de fiscalización limitada previa faise referencia a:

1. RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS EN CONTRATOS MENORES.

1. No caso de recoñecemento de obrigas cun valor estimado de ata 9.999,99 €:

1. *Que se aporta factura polo contratista de acordo co previsto no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.*
2. *Que a prestación obxecto da factura non representa un fraccionamento dun obxecto contractual máis amplo.*

2. No caso de recoñecemento de obrigas por un valor estimado de 10.000,00€ ata 14.999,99 €: Ademais dos requisitos do punto anterior:

1. *Que consta no expediente o Informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato.*
2. *Que consta no expediente o Informe do órgano de contratación respecto do cumprimento do artigo 118.3 da LCSP.*
3. *Que consta no expediente a aprobación do gasto.*

Aspecto que esta Alcaldía considera oportuno resaltar posto que ao tratarse de importes inferiores a 9.999,99 euros, concretamente importes de 435,60 €; 363,00 € e 660,00 € non resultaria de aplicación a previsión sobre fiscalización do artigo 118 da LCSP.





Vista a proposta de resolución PR/2025/462 de 21 de maio de 2025.

Resolución:

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE e cos votos en contra do PP e do BNG, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Resolver a discrepancia exposta a favor do criterio exposto pola intervención municipal conforme aos argumentos expostos nos antecedentes da presente proposta.

Segundo.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial, levantar o informe de reparo de intervención e por tanto as prestacións executadas, das facturas que se relacionan no Anexo

Re xis tro	Data fact ura	Concepto	Terceiro	Partida orza men taria	Im por te
20 25- 92 7	01 /12/2 024	Divulgación ambiental. Charlas concienciación ambiental "Semana europea redución de residuos 2024"	Ambigal 360, S.L.	326.2279 9	435 ,60
20 25- 37 5	14 /10/2 024	Gestora de medios triangulo, s.l.	Decimo de pagina boletin jurídico	3382260 2	363 ,00
20 25- 92 6	30 /09/2 024	Recollida monmaterial en iglu papel e cartón, do 01/09/2024 ao 30/09/2024	Ambigal 360, S.L.	326.2279 9	660 ,00
20 25- 92 9	31 /10/2 024	Servizo de desbroces. Lote 1 ano 2024	Diego Garcia Besteiro	136.2100 0	32. 607 ,33

Terceiro Dar traslado do presente acordo á Alcaldía aos efectos de que se proceda á Ordenación de pagos nos termos do artigo 61 do Real Decreto 500/1990.

Cuarto.- Dar traslado do acordo ao Departamento de Intervención-Tesorería para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Expediente 608/2025. Moción BNG para supresión inmediata das curvas de Río Pequeno na LU-242 entre o Mesón da Cabra e Parga.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento





MOCIÓN

Para supresión inmediata das curvas de Río Pequeno na LU-242 entre o Mesón da Cabra e Parga

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Para o BNG a seguridade viaria é un tema fundamental que afecta directamente á vida das persoas e que no Concello de Guitiriz ten algunha eivas como xa viñemos denunciando en reiteradas ocasións en Plenos, nas redes sociais e mediáticas e incluso nos nosos programas electorais.

Neste senso, a estrada LU-242 que une a estación de tren de Parga co cruce da N-VI no Mesón da Cabra, ten un punto negro que temos totalmente identificado e que ten perfectamente acreditada a súa perigosidade: o tramo das curvas de Río Pequeno a pouco máis de 500 metros dende o Mesón da Cabra e que enlaza tres curvas, dúas das cales son bastantes pechadas, cun peralte inaxeitado e que ademais, teñen problemas co pavimento, sobre todo no entorno da granxa que se atopa na man dereita segundo se accede a Parga.

Unha vez máis, vimos de ver como recentemente un dos bloques de granito que transportaba un camión dende as canteiras, se desprazaba no remolque chegando a caer na calzada, destrozando a varanda da ponte de Río Pequeno e deixando marcas moi visíbeis na calzada. Afortunadamente, non baixaba ningún vehículo no outro sentido de marcha, porque se non, as consecuencias poderían ter sido moito máis graves.

Non é un episodio illado, dado que esta situación vense repetindo en varias ocasións nos últimos anos e, a pesar de que probablemente a velocidade dos camións en curva teña parte da responsabilidade, o certo é que o propio deseño das curvas, tórnase en causa directa destes episodios, ademais de resultar perigosas en sí mesmas como xa dixemos.

Por iso dende o BNG de Guitiriz queremos propor a este Pleno que se posicione a prol da supresión destas curvas perigosas, para o que traemos a seguinte proposta para o debate:

A proposta consistiría nunha variante de arredor de 300 metros que partiría da ponte de Río Pequeno e remataría no cruce de entrada da granxa suavizando sensiblemente as curvas existentes e alonxándonos do terraplén existente que ademais de perigoso crea problemas no pavimento que se vai afundindo.

Esta proposta, de mediana entidade polo movemento de terras posto que o tramo é pequeno, entendemos que non representaría un custe moi alto e en cambio, suporía unha importante mellora na accesibilidade a Parga e na seguridade viaria deste tramo.

Esta parte da moción é sen dúbida onde queremos poñer o foco pola súa urxencia, porén hai unha reiterada demanda de remate do paseo peonil que discorre ao longo da Avda. Da Paz no núcleo urbano de Parga, levándoo ate o Mesón da Cabra que, aproveitando estas obras, poderíase acometer tamén, así como unha renovación do firme nas zonas mais deterioradas.





Para completar o proxecto, ademais o tramo que queda libre poderíase empregar para facer unha pequena área de descanso cun miradoiro para o cauce do Río Pequeno, proporcionando un espazo de lecer na entrada do pobo ao que poderíamos sumar a ampliación do paseo polo que esta área quedaría nun espazo intermedio entre Parga e o Mesón da Cabra.

Por parte do grupo PSOE, propónse a seguinte enmenda, engandindo un punto ao apartado terceiro do propoño, co acordo do conxunto dos grupos políticos e co seguinte tenor literal: ...dando cumprimento ao compromiso verbal por parte da Conselleira para facer o paso peonil.

O pleno da corporación, por unanimidade dos seus membros adopta o seguinte acordo:

É por isto que o Grupo Municipal do BNG presente ao Pleno a súa aprobación o seguinte acordo:

- O Pleno municipal de Guitiriz solicita a Xunta de Galiza, a supresión das curvas de Río Pequeno na estrada Lu-242 da que é titular a administración autonómica, pola perigosidade das mesmas.
- O Concello de Guitiriz dará traslado á Xunta de Galiza a decisión do Pleno á maior brevidade posíbel, a fin de que estude esta demanda e poida ser incluída nso vindeiros presupostos da Xunta de Galiza do vindeiro ano.
- O Pleno solicita tamén o remate do paseo peonil que discorre ao longo da Avda. Da Paz no núcleo urbano de Parga, levándoo ate o Mesón de Cabra, dando cumprimento ao compromiso verbal por parte da Conselleira para facer o paso peonil..
- O Pleno solicita o habilitamento dunha área de lecer no tramo da Lu-242 que quedaría en desuso con estas iniciativas.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Expoñense os rogos e preguntas que se recollen na video-acta.

Co obxecto do xeral coñecemento e efectos que procedan, fago constar que a literalidade das intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron gravadas en soporte audiovisual mediante un sistema de video-acta, cuxo arquivo contén a seguinte pegada electrónica que garante a integridade da gravación, do que dou fe:

SHA512 - 735aba53e01545a5ae545b4242c4fec8570e0bcff2622b39f5fd5b71032cf7f6df0909ab0bcdf430371d008dfe87b7eb6af7d4712028997c9448cd6a37ac3fd





O arquivo audiovisual pode visionarse mediante o seguinte enlace:
[https://guitiriz.seneca.tv:443/watch?
id=MzgyOGE2ODEtNzA3OS00MzlwLWEzMTUtM2I3ZWFKZDYyOTI0](https://guitiriz.seneca.tv:443/watch?id=MzgyOGE2ODEtNzA3OS00MzlwLWEzMTUtM2I3ZWFKZDYyOTI0)

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE







ÍNDICE DE ANEXOS ACTA PLN/2025/6

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Expediente 364/2025. Modificación do inventario municipal de camiños no lugar Pedracova- Parroquia de Santa Cruz.


- Anexo 1. Anexo_14_2098_modificado





Código camino	14_2098
Ancho (m)	1,5
Longitud (m)	91,02
Superficie (m ²)	136,53
Material	AGLOMERADO
Estado	MALO
Parroquia	Santa Cruz de Parga

COORDENADAS ETRS89 HUSO 29		
	X	Y
INICIO	597321,50	4783046,53
FINAL	597246,62	4782998,23
REFERENCIAS CATASTRALES		
27022A04209017		



LEYENDA

AGLOMERADO	TIERRA	RED ESTATAL
ZAHORRA	GRAVA	RED AUTONÓMICA
HORMIGÓN	PIEDRA	DIPUTACIÓN LUGO
CEMENTO	-	PARCELA CATASTRAL

Cod. Validación: 9S3JEPF8TXX5K519AGXUP49WRQ
Corrección: https://sedelectronica.gal/ Documento asinado electrónicamente desde a plataforma de verificación esPública | Páxina 12 de 33

INVENTARIO DE VÍAS Y CAMINOS

ABRIL 2025